



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Muiñeira da ribeira  
muiñeira rebeirana  
moiñeira da ribeira  
tócocha de mala gana.  
A la la la...

Eu non vou, non vou-e  
eu non vou alá-e  
qu'os que son de lei-e  
/:han de vir acá-ie (x3),  
eu non vou, non vou-e  
eu non vou alá-e

O pandeiro toca ben,  
as ferriñas danll' o son  
os rapases que o tocan  
eles de Basar che son-e.  
A la la la...

/:D' hoxe un ano viva ieu:/  
d' hox' un ano, viva, viva  
o maior amigho meu-e.  
Ai la la la...

Eu non vou, non vou-e  
eu non vou alá-e  
qu'os que son de lei-e  
/:han de vir acá-ie (x3),  
eu non vou, non vou-e  
eu non vou alá-e.

/:Ai Bazar, meu Bazariño:/  
a i-augha da túa fonte  
no beber parese viño.  
Ai la la la...

Eu a Suisa non vou-e  
anque me poñan cancelas,  
anque bot' a noite toda  
d' abrir e sarrar con elas.  
Ai la la la...



Porque me casei un ano  
porque me casei un día  
porque me casei un ano  
iahora ´stoy iarrepentida.  
Ai la la la...